

ALICIA NAS CIDADES 1270

Wim Wenders, 1974

ESTREA EN NUMAX: 11.04.2024 | V.O.S.E. | +12 | 110 min

O xornalista alemán Felix Winter percorre os Estados Unidos na procura de temas para escribir un libro, pero como nin sequera consegue empezalo, o seu editor cancela o contrato. Cando decide regresar a Alemaña, coñece no aeroporto a unha muller e como non hai voos até o día seguinte pasa a noite con ela. A muller desaparece pero deixa un recado: que vaia coa súa filla Alicia, de nove anos, a Amsterdam para se reunir con ela.

«Unha intrigante road movie que fica na nosa mente horas despois de que se prendan as luces da sala»

Peter Bradshaw, THE GUARDIAN



Un conto de cerebral e segura estrañeza

Por Peter Bradshaw

Un excelente e se cadra único exemplo dese xénero, para min o máis complicado, chamado *road movie* e o tido de filme que realmente merece a frase clixé: "xa non se fan filmes así". Estamos ante unha película rodada en 1974 e en branco e negro por Wim Wenders cunha estrañeza cerebral e segura que semella aquí máis distintiva ca nunca.

Rüdiger Vogler interpreta a Philip, un escritor e xornalista que percorre os Estados Unidos en coche e, evidentemente, recibe a encarga de escribir unha longa reportaxe evocando a alma dos Estados Unidos desde o punto de vista dun europeo escéptico de afiada mirada. Pero mentres Philip vai dun motel a outro (e o filme de Wim Wenders semella realmente ser creado no intre) vaise bloqueando. Algo en Estados Unidos derrotou a este escritor e o único que consegue facer é tomar fotografías entumecidas e alienadas cun prototipo de cámara Polaroid. Só cando decide regresar a Europa descobre que pode volver escribir e ten a intención de regresar na compañía dunha moza e a súa pequena Alicia, a quen acaba de recoller no aeroporto. Pero, enigmáticamente, a muller desaparece xusto antes da saída e deixa a Philip a cargo de Alicia no avión, coa súplica de que a parella se reúna con ela en Amsterdam.

Nos tempos de hoxe, onde a seguridade da infancia se converteu nun punto fundamental da cultura, todo o que se nos conta neste filme pode parecer sorprendente. Porén, o filme de Wim Wenders e o seu fatigado protagonista, simplemente déixanse levar pola corrente que, neste caso, vai nunha dirección historicamente regresiva, desde os puxantes Estados Unidos até a vella Europa. Philip e Alicia viaxan por Alemaña nunha improbable busca para atopar a avoa da pequena. Obviamente, Philip non se mete en problemas, ningún dos dous aprende leccións de vida como sucedería nun filme do Novo Hollywood, non parecen aprender moito un do outro nin deles propios e non emprenden unha gran viaxe ao estilo dos concursos e os *reality shows* televisivos.

O único que sucede é que o clima psicolóxico se vai aclarando progresivamente; Philip sorpréndese escribindo de novo e a película conclúe cunha emocionante escena de euforia: unha sensación de felicidade e liberdade a bordo dun tren. Un filme intrigante que fica na nosa mente horas despois de que se prendan as luces da sala.

Publicado en theguardian.com